



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

IES PLURILINGÜE FONTEXERÍA
Agra de Baño 21, MUROS - 15259
Tlf.: 881 867 110
ies.fontexeria@edu.xunta.es



UNIÓN EUROPEA

ÁMBITO SOCIAL. ESA

ACTIVIDADES

UNIDADE 10

NOME	APELIDOS	CURSO
ENRIQUE	RIONAYOR CARMANO	

PARTE 5 DA UNIDADE 10. A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL

Actividades de reforzo

1. Consulta os apuntamentos e realiza no teu caderno as seguintes actividades:

- Explica **dúas medidas** tomadas polo **gobierno do Adolf Hitler en Alemaña** que conduciron ao **estourido da Segunda Guerra Mundial**:

- Achegamento entre a Alemaña de Hitler e a Italia de Mussolini, dando lugar ao nacemento do eixe Roma-Berlin
- Invasión do resto de Checoslovaquia por parte de Alemaña incumpindo o acordado na Conferencia de Monich.. ✓

- Indica **dous feitos** que tiveron lugar durante a **etapa da Segunda Guerra Mundial** que se **desenvolveu principalmente en Europa e na que predominaron os triunfos alemáns**:

- Intento de invasión de Inglaterra por parte do exército Alemán, sobre todo por ataques aéreos, fronte aos que conseguiu resistir Gran Bretaña.
- Ocupación de Dinamarca e Noruega por parte do exército alemán ✓

- Indica **dúas novas fronteas de combate** que se abriron na Segunda Guerra Mundial en 1941 e explica **un feito** que ocorreu na guerra en cada unha desas zonas do mundo:

- Na zona dos Balcáns: sinatura de pactos entre a Alemaña nazi e os gobernos nalgúns países para asegurarse o control da zona dos Balcáns por parte das potencias do eixe.

- Continuación da guerra no Océano Pacífico, onde Xapón ocupara Corea e Manchuria ata que a política expansionista de Xapón chocou cos intereses dos EE.UU. nesa zona

- Explica **dúas batallas** que foran **ofensivas dos aliados** na Segunda Guerra Mundial e que tiveron lugar en 1942:

1. Batalla de Midway: Enfrontamento entre a frota Xaponesa e a frota estadounidense despois de conquistar Xapón a illa de Midway, e que finalizou coa vitoria das tropas norteamericanas.

na exemplo
invasión xaponesa de Indochina

2. Batalla de Stalingrado...

- Explica dúas operacións militares que tiveran lugar durante os contraataques aliados na Segunda Guerra Mundial durante 1943:

- Batalla de Kursk: Derrota do exército alemán fronte o exército Ruso

- Inicio da invasión de Italia polo sur, pola illa de Sicilia, despois de que os aliados conquistaran o norte de África, provocando que Mussolini fose destituído, aínda que o exército Alemán conseguiu deter o avance aliado e logrou manter o control do Norte de Italia, onde se creou a República de Saló

- Explica dúas formas de exclusión social da poboación xudía que levou a cabo o goberno nazi de Alemaña:

- Campañas de arianización: Medidas que tiñan como obxectivo apropiarse dos negocios e das propiedades dos xudeus.

- Noite dos cristais rotos: Activación de membros das forzas de asalto do Partido Nazi e das Xuventudes Hitlerianas en novembro de 1933, na que saquearon sinagogas, vivendas e establecementos xudeus, asasinando a un centenar e arrestando e enviando a miles aos 1^{er} campos de concentración

- Indica o momento histórico no que o goberno da Alemaña nazi decidiu recluír á poboación xudía en guetos e unha característica da vida da poboación neses lugares:

- **En 1939, cando Alemaña invadía Polonia**
Holocausto, reclusión a esta poboación en barrios das cidades onde estaba obrigada a vivir onde estaba sometida a unhas condicións extremas da pobreza e de desabastecemento.

- Cita o nome dos gobernantes que se reuniron na Conferencia de Ialta e os países aos que representaban e dous acordos que se tomaron nesa reunión:

Yosif Stalin (URSS), Franklin D. Roosevelt (EE.UU) e Winston Churchill (Reino Unido)

- División de Alemaña en zonas de ocupación

- Creación dunha comisión para fixar as indemnizacións que Alemaña debería pagar

- Explica dúas consecuencias morais que tivo a Segunda Guerra Mundial:

- Intensa conmoción que causaron na sociedade as tremendas crueldades que os seres humanos foron capaces de cometer na guerra, que fixeron cuestionar todos os valores éticos existentes

- Creación dun tribunal internacional para xulgar as atrocidades da guerra, e nacemento dun novo concepto xurídico, o de crimes contra a humanidade.

- Explica dúas consecuencias económicas que tivo a Segunda Guerra Mundial:

- Destrucción de cidades, infraestruturas de transporte ou terras de cultivo
- Gran desenvolvemento da capacidade productiva de E.E.U.U e consolidación deste país como principal potencia industrial e financeira do mundo, debido a súa industria e a súa economía se vinon beneficiadas pola produción de armamento e subministrados durante a guerra ✓

- Explica dous obxectivos que ten a Organización das Nacións Unidas (ONU):

- Cooperación pacífica entre os pobos.
- Mantemento da paz e da seguridade internacional, compromiso dos estados membros a solucionar de forma pacífica os conflitos con outros estados ✓

- Menciona dous organismos da ONU e explica as súas características e as súas funcións:

- Secretaría Xeral: Principal órgano administrativo da ONU, con secretario xeral a fronte, que á máxima representación diplomática da ONU.

- Asemblea xeral: Organismo formado por todos os estados membros, que ten como función votar sobre cuestións de importancia. ... como ... ✓

2. Atendendo aos contidos do tema que aparecen nos aputamentos e aos teus coñecementos previos, realiza unha breve REDACCIÓN, DE ENTRE 10 E 20 LIÑAS DE EXTENSIÓN, E ESTRUCTURADO EN CATRO PARÁGRAFOS, no que realices unha reflexión sobre cada unha das cuestións que se citan a continuación.

Redacción 1. A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL (extensión de entre 10 e 20 liñas)

Cada un dos 4 parágrafos debe comezar da seguinte maneira:

- o PRIMEIRO PARÁGRAFO: "A Segunda Guerra Mundial foi un conflito armado que tivo lugar entre 1939 e 1945 e que tivo entre as súas causas política ..." (CITAR E EXPLICAR ALGUNHAS, DÚAS POLO MENOS, DAS CAUSAS POLÍTICAS DA SEGUNDA GUERRA MUNDIAL)

Primeiro parágrafo

- Fracaso do tratado de Versalles, ^{que foi un} acordo redactado atendendo unicamente aos intereses dos países vencedores

- Resposta débil e dubitativa das democracias europeas fronte a política agresiva e expansionista de Hitler → Conferencia de Múnich ...

- o SEGUNDO PARÁGRAFO: "A Segunda Guerra Mundial iniciou-se cando ..." (CITAR E EXPLICAR O MOTIVO ÚLTIMO QUE PROVOCOU O INICIO DA SEGUNDA GUERRA MUNDIAL)

Segundo parágrafo

reprodutível a...

Ataque do exército alemão sobre Polónia, o 1 de Setembro do 1939, ocupación da parte occidental de Polónia por parte do exército alemão

e cando reprodutível a...

- ocupación da parte oriental de Polónia e das repúblicas bálticas, cumprindo o acordo no pacto de non Agresión Xermana-Soviético.

- o TERCEIRO PARÁGRAFO: "Durante a Segunda Guerra Mundial tiveron lugar importantes batallas ou operacións militares entre as que destacaría ..." (CITAR E EXPLICAR ALGUNHAS, DÚAS POLO MENOS, DAS BATALLAS OU OPERACIÓNS MILITARES DA SEGUNDA GUERRA MUNDIAL)

Terceiro parágrafo

- Batalla de Stalingrado, ataque das tropas da Unión Soviética sobre as tropas de Alemaña, as cales foron derrotadas, provocando que a guerra no leste de Europa cambiara de rumbo, co que se detiveron as ofensivas de Alemaña e se iniciou o avance do exército ruso cara o occidente.

- Batalla de Midway, enfrontamento entre a frota xaponesa e a estadounidense despois de conquistar Xapón a Illa de Midway, e que finalizou coa victoria das tropas norteamericanas.

- o CUARTO PARÁGRAFO: "Finalmente, a Segunda Guerra Mundial tamén tivo importantes consecuencias políticas, como por exemplo ..." (CITAR E EXPLICAR ALGUNHAS, DÚAS POLO MENOS, DAS CONSECUENCIAS POLÍTICAS DA SEGUNDA GUERRA MUNDIAL)

Cuarto parágrafo

- Achegamento entre a Alemaña de Hitler, e a Italia de Mussolini dando lugar ao nacemento do eixe Roma-Berlin.

- Invasión do resto de Checoslovaquia por parte de Alemaña, incumprindo o acordo na Conferencia de Munich.

*↓
citar CAUSAS e deberíase citar CONSECUENCIAS POLÍTICAS*

4

*perde de hegemonía política de Europa...
→ adquisición de tensión entre a Europa Unida e a URSS...*